

POLA NOSA NATUREZA, POLO NOSO PATRIMONIO: ABONDA XA DE EUCALIPTOS!

Compostela, 22 de abril, Día da Terra.

O eucalipto ocupa xa na Galiza máis de medio millón de hectáreas, un 17% do noso territorio. Está presente nos nosos montes, mais tamén nas terras de cultivo, nos espazos naturais, enriba dos xacementos arqueolóxicos... Semella que para a industria do eucalipto non existen limitacións: todo vale con tal de seguir engordando a conta de beneficios das celulosas.

Hoxe eiquí nesta emblemática praza, queremos visibilizar a impunidade coa que os plantíos de eucalipto ocupan espazos de alto valor natural e patrimonial, perante o silencio ou a colaboración cómplice da Xunta. Esta aparente desfeita, esta vergoñenta estampa non está moi lonxe do que arestora está a acontecer nos nosos Parques Naturais, na nosa Rede Natura, sobre os nosos xacementos arqueolóxicos, enriba das nosas terras produtivas, nas que troques de medrar alimentos medra a pasta de ENCE.

Todo pola Pasta! É o lema da celulosa, dona xa do monte galego. Ave eucaliptus! É a divisa da Xunta que, obediente, rende o noso país ao monocultivo agardando polas prebendas e os retiros dourados nos consellos de administración da industria pasteiro-enerxética.

Diante deste panorama, os máis de 60 colectivos que facemos parte da rede "Cousa de Raíces", da Asemblea contra a eucaliptización de Compostela e persoas a título individual queremos berrar ABONDA XA! Non todo vale: esiximos respecto! Respecto pola lexislación que a propia administración teima en incumplir; respecto polo noso territorio, para que Galiza non remate sendo un completo eucaliptal, un inmenso deserto verde baleiro de patrimonio e de xente. E respecto en definitiva, por nós mesmos, por nós mesmas, porque merecemos vivir nun país ceibo da ditadura do eucalipto.

Para tentar revirar esta situación, esiximos das administracións:

-Cumprir estritamente a lexislación para impedir a forestación de terras agrarias e os plantíos sobre hábitats de interese, eliminando de xeito subsidiario aquelas plantacións ilegais.

-Declarar unha moratoria para novos plantíos de *Eucaliptus* como acaba de facer Portugal, até que se avalíen os impactos desta árbore sobre os ecosistemas naturais logo de 40 anos de monocultivo intensivo.

-Prohibir o *Eucaliptus nitens* incluíndoo no catálogo de especies exóticas e invasoras para evitar a súa plantación, tráfego e aproveitamento e preservar a integridade do noso patrimonio natural.

-Frear os cultivos enerxéticos: o aproveitamento da biomasa forestal con fins enerxéticas (plantar-queimar-plantar) non pode ser un obxectivo en si mesmo.

-Establecer un Imposto verde para o eucalipto: os eucaliptais inciden na maior intensidade dos lumes; na contaminación de terras e rías con agroquímicos e subprodutos das celulosas; no deterioro da biodiversidade e no avance da erosión, provocando perdas económicas directas. Quen os plante debería compensar á sociedade.

-Promulgar directrices de ordenación territorial dos montes con criterios ecolóxicos, sociais e paisaxísticos, tanto a nivel galego como local, para controlar e limitar os eucaliptos e repoboacións forestais en espazos relevantes como son: elementos do patrimonio histórico-arqueolóxico, rede

hidrográfica de regatos e brañas, liña costeira, terras agrarias, áreas de montaña, camiños de Santiago, Rede Natura e espazos protexidos a nivel local, homoxeneamente distribuídos por todo o territorio galego.

-Distinguir as masas produtivas de eucaliptos dos exemplares ventureiros e as especies invasoras en expansión descontrolada por mor dos lumes e o abandono dos propietarios, de xeito que se fomente a súa erradicación e que todos os eucaliptos restantes queden circunscritos a directrices de ordenación das plantacións, favorecendo a protección dos bosques e rexeneracións naturais de autóctonas.

-Fomentar a silvicultura de frondosas autóctonas e asimiladas con fins comerciais, a través da investigación, selección e plantación, co obxectivo de apoiar os procesos de transformación industrial baseados na madeira de calidade

Abonda xa de compoñendas cos amigos do eucalipto! A Xunta de Galicia debe deixar de ser a Xunta de Eucalipticia, se queremos que a nosa natureza, que o noso medio rural teña futuro.

Pola nosa natureza, polo noso patrimonio: ABONDA XA DE EUCALIPTOS!!